



Ornela Fernández Salgado, voceira do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 30/09/09:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O viño é o cultivo máis importante de Vilaboa. Hai unha tradición de bo viño que se remonta a décadas atrás. O concello de Vilaboa posúe unha superficie de máis de 232 ha deste cultivo, o que o fai un dos concellos da provincia de Pontevedra de máis superficie dedicada a viñado. Concellos coma Barro, Crecente ou Soutomaior, pertencentes á Denominación de Orixe Rías Baixas, teñen menos superficie de cultivo có noso municipio.

Parte dos nosos viticultores fixeron un importante esforzo de reestructuración durante os primeiros anos desta década e introduciron castes vinícolas de calidade que agora están na súa plena madurez productiva. Sen embargo, as diversas reivindicacións ao longo do tempo para conseguir entrar na DO non tiveron o froito agardado e Vilaboa non ten nin un só metro cadrado de viña protexida.

Isto está a levar a un abandono progresivo do cultivo. Son moitas as viñas que se cortan e non se volven a plantar. As estatísticas indican que a única zona da provincia de Pontevedra onde medra o cultivo é a que comprende os concellos que están baixo a denominación de orixe.

O abandono das viñas por parte da xente de Vilaboa é, sen dúbida, un problema económico, pois os ingresos polo viño podería ser un importante complemento de renda a fin de cadrar os ingresos familiares. Tamén ten un importante aspecto ambiental dado que a superficie agraria abandonada convértese nun foco de insalubridade e de posible combustible para incendios preto das casas. Así mesmo, as viñas contribúen a mellorar o aspecto paisaxístico das nosas aldeas e, claramente, as viñas coidadas melloran o entorno máis inmediato.

Por todo isto o BNG propón ao Pleno do Concello a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**Primeiro.** O Concello de Vilaboa solicitará a Xunta de Galicia a inclusión de Vilaboa na Denominación de Orixe Rías Baixas, enviando o acordo aos grupos parlamentarios do Parlamento galego.

**Segundo.** O Concello de Vilaboa constituirá unha mesa de traballo onde se integren concello, grupos políticos e viticultores para deseñar unha estratexia que teña como fin a integración na DO.

**Terceiro.** O Concello de Vilaboa porase en contacto con outros concellos en situación similar para formar un grupo de concellos aspirantes á entrada na DO e traballar conxuntamente para acadalo.

Vilaboa, 23 de setembro de 2009.

Ornela Fernández Salgado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA